UNHA MORATORIA URXENTE AOS PARQUES EÓLICOS TERRESTRES

Xiana Iglesias / Cerna Redacción

As montañas galegas están no punto de mira das grandes empresas eólicas, que pretenden instalar case un cento de novos megaparques, algúns deles en zonas de alto valor ecolóxico e patrimonial. En ausencia dunha normativa galega que rexa a implantación e crecemento ordenado desta enerxía, á vez que defenda os intereses da poboación e atenda á preservación da diversidade natural, estes proxectos supoñen unha ameaza de consecuencias incalculábeis. Ante esta situación, máis de 60 colectivos galegos, entre os que se atopa ADEGA, asinaron o Manifesto "Aldeas con Horizonte", para solicitar a moratoria aos novos parques e un novo marco regulador para a enerxía eólica en Galiza.

Elena Zhuravleva

Eólico terrestre.

Galiza está ante un proceso de intensificación eólica sen precedentes. Case un cento de proxectos de grandes empresas promovidos polo goberno autonómico e estatal, agardan izar muíños ao longo de todo o territorio galego, desde o litoral atlántico ás serras orientais. Estes parques sumaranse aos 180 que xa hai en Galiza, que afectan a máis de 100 concellos e suman 4000 aeroxeradores, converténdonos en produtores de case o 15% de toda a potencia eólica do Estado, a pesar de representar só o 5,8% da súa superficie.

Malia seren proxectos de enerxía renovábel, moitos deles son a todas luces insostíbeis, tanto desde o punto de vista ambiental como social. A casuística é variada: megaparques fragmentados para facilitar e axilizar os trámites de aprobación, áreas da Rede Natura 2000 afectadas, aeroxeradores a só 500 metros das vivendas, poboación afectada por contratos abusivos e expropiación de terreos, estudos de impacto ambiental incompletos, afectación sobre especies en perigo de extinción, vulnerábeis ou raras, impacto sobre a paisaxe, o patrimonio, os recursos hídricos...

Ademais, este desenvolvemento eólico sobredimensionado estase facendo sen aplicar políticas efectivas de aforro e eficiencia da enerxía, cuestión fundamental se se quere fomentar un modelo que camiñe cara a tan necesaria transición ecolóxica. Está en xaque, ademais, a protección da saúde que nos brinda a biodiversidade.

Polo tanto, a enerxía eólica que podería contribuír ao proceso de transición ecolóxica e descarbonización en Galiza, é hoxe unha ameaza para

o noso territorio e non só, xa que outras zonas do estado español están tamén a ser obxectivo de grandes empresas enerxéticas que pretenden instalar macroparques eólicos, perpetuando un modelo obsoleto, colonial, insostíbel e cada vez máis antisocial.

QUEREMOS "ALDEAS CON HORIZONTE"

No caso galego, estes proxectos apóianse nun marco normativo desfasado, de finais dos anos 90, que favorece a oligopolio enerxético, e na Lei galega de fomento da implantación de iniciativas empresariais de 2017 (coñecida como "Lei de Depredación") que permite axilizar a tramitación e posta en marcha dos novos proxectos eólicos restrinxindo a participación pública e outorgándolle ás empresas dereitos sen data de caducidade sobre as terras.

Polo tanto, e ante esta ameaza, máis de 80 colectivos, entre os que está ADEGA, promoveron o manifesto "Aldeas con Horizonte", polo que se reclama:

- a urxente moratoria de novos parques eólicos.
- a revisión dos xa aprobados nos que haxa conflito social e/ou ambiental.
- a elaboración dun novo marco normativo en materia eólica que promova no país un modelo de implantación desta enerxía máis ordenado, sostíbel, social, participativo, xusto e racional.

***Xiana Iglesias, xornalista e membro do consello editorial de Cerna.**

Calvar Martínez

Muíño de vento.

15 PRINCIPIOS DE "ALDEAS CON HORIZONTE" PARA UN NOVO MARCO EÓLICO GALEGO

1. **Planeamento eólico para a unha transición ecolóxica ordenada e xusta.**
   Debe frear a implantación masiva de parques eólicos á vez que desenvolver unha estratexia ordenada e sustentábel para acadar a descarbonización da economía galega e reducir a dependencia das enerxías fósiles.

2. **Democratización e soberanía enerxética.**
   A sociedade galega, en especial as titulares das terras nas que asentar parques eólicos, deben ter unha participación activa na gobernanza deste recurso.

3. **Aforro, eficiencia e autosuficiencia enerxética.**
   A adxudicación de megavatios debe depender das necesidades enerxéticas da poboación, non só da dispoñibilidade do recurso vento, á vez que se deben poñer en marcha plans de aforro e eficiencia.

4. **Repotenciamento fronte novas instalacións.**
   Esta alternativa debe prevalecer sobre a autorización de novos proxectos.

5. **Fomento do autoconsumo e a produción a pequena escala.**
   Deste xeito redúcense as distancias entre as fontes xeradoras e consumidoras e, polo tanto, as emisións e outros impactos derivados do transporte da enerxía.

6. **Iniciativa pública e comunidades enerxéticas fronte a privatización dos beneficios.**
   Cómpre apostar por proxectos públicos que traballen baixo criterios de sustentabilidade e xustiza social. Tamén apostar polas comunidades enerxéticas locais que primen os obxectivos sociais e ambientais (infraestruturas sanitarias, educativas, transporte colectivo...).

7. **Concesións públicas fronte a autorizacións administrativas.**
   O dereito de explotación do vento en Galiza debe ser outorgado a través de concesións administrativas con data de caducidade e non autorizacións que outorgan o dereito de explotación para sempre.

8. **A expropiación de terras como última opción.**
   En caso de expropiación deberá terse en conta a depreciación de todos os bens afectados directa ou indirectamente polo proxecto eólico, non só a superficie ocupada polos aeroxeradores.

9. **Consulta pública real e efectiva.**
   O goberno debe derrogar a "Lei de Depredación" co obxecto de facilitar e favorecer o acceso á información, a participación e a consulta pública dos proxectos eólicos.

10. **Penalizacións contundentes contra a fragmentación dos proxectos.**
    A fragmentación de parques deberá ser absolutamente abolida e significar a denegación automática do proxecto así como a prohibición de poder optar a novos dereitos de explotación.

11. **Compatibilidade coa normativa vixente en materia ambiental, patrimonial e da paisaxe.**
    A nova lei deberá axeitarse a estas normativas ademais de actualizarse, xa que está deseñada para uns proxectos eólicos con tecnoloxías hoxe obsoletas.

12. **Novas zonas de exclusión e plan de eliminación progresiva en Rede Natura.**
    Debe excluír da instalación de eólicos os espazos da Rede Natura 2000 e os hábitats que sexan chave para loitar contra a mudanza climática así como aqueles que teñan un especial interese ambiental, paisaxístico, patrimonial, cultural ou agropecuario.

13. **Maiores distancias aos núcleos de poboación.**
    A limitación da instalación de aeroxeradores a 500 metros dos núcleos de poboación é insuficiente e deberá axustarse ás características técnicas e dimensións de cada caso.

14. **Asesoramento e mediación regrada fronte contratos abusivos.**
    A administración pública debe promover estes servizos para que as negociacións entre os particulares ou comunidades rurais e as empresas eléctricas sexan xustas e equilibradas.

15. **Exclusión de empresas de dubidosa reputación.**
    Quedarán excluídas de participar en calquera proxecto eólico as empresas causantes de conflitos sociais e ambientais neste ou noutros países.